

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 20 de decembro de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 96, do 24 de maio).

Advertido erro no anexo publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 5, do 10 de xaneiro de 2011, cómpre facer a seguinte corrección: na páxina 521, onde di: «75.100,95 €»; debe dicir: «76.801,95 €».

Resolución do 17 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establece e se regula o Programa de escolas abertas presenciais 2011 destinadas ás comunidades galegas no exterior.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu título preliminar recoñécelles ás comunidades asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, determina que as comunidades galegas son entidades asociativas sen ánimo de lucro que teñen personalidade xurídica e o seu obxecto é o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, a súa xente, a súa historia, a súa lingua e cultura.

A Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma á que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, relacións coas comunidades galegas no exterior e a confección e xestión dos programas de formación ou especialización dirixidos ás comunidades galegas residentes no exterior.

Para avanzar no fomento da cultura galega nas súas diferentes manifestacións artísticas e co fin de promover a participación dos cidadáns galegos e galegas e das comunidades nas que se integran na nosa vida cultural e social, faise necesario o deseño e implantación dunha programación formativa de

carácter presencial que se desenvolverá durante o vindeiro mes de xullo nunha cidade de Galicia.

A especialización e a adquisición de novos coñecementos e ferramentas nas distintas materias formativas impartidas posibilitarán unha maior implicación e colaboración da xuventude no seo das entidades galegas do exterior, favorecendo, deste xeito, a súa dinamización.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na normativa que a desenvolve, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a realización dos distintos obradoiros de formación e especialización de carácter presencial previstos dentro do Programa escolas abertas 2011 e dirixidos ás comunidades galegas no exterior e aos cidadáns galegos residentes fóra de Galicia.

Estas bases, que se aproban expresamente nesta resolución, son as establecidas no seu anexo I.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución a convocatoria dos obradoiros de formación e especialización para o ano 2011.

Artigo 2º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 3º.-*Desenvolvemento e aplicación.*

O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria e as súas bases reguladoras.

Artigo 4º.-Financiamento.

Trátase de axudas en especie e consecuentemente non supoñen contabilización de gasto. Os servizos que se prestan aos participantes nesta convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Artigo 5º.-Recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2011.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I

Bases reguladoras para a realización dos obradoiros programados dentro das Escolas abertas de formación, nivel intermedio e de especialización, nivel avanzado

Artigo 1º.-Obxecto.

Os distintos programas que se desenvolverán dentro das Escolas abertas 2011 realizaranse nunha cidade de Galicia e clasificaranse en obradoiros de formación de nivel intermedio e obradoiros de especialización de nivel avanzado:

1. Formación (nivel intermedio).

1.1. Asociacionismo e xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

1.2. TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación).

1.3. Gaita tradicional galega.

1.4. Canto popular e pandeireta.

1.5. Baile tradicional galego.

2. Especialización (nivel avanzado).

2.1. Gaita tradicional galega.

2.2. Baile tradicional galego.

O contido de cada un dos obradoiros programados será o que se recolle no anexo II desta convocatoria.

Os obradoiros convocados dentro das escolas abertas presenciais terán as seguintes características comúns:

I. Formación intensiva e duración mínima de 50 horas lectivas teórico-prácticas. Carácter participativo.

II. Os obradoiros desenvolveranse no mes de xullo do ano 2011.

III. A formación será impartida por profesionais e expertos con experiencia nas distintas modalidades que se van impartir.

IV. Cada alumno deberá vir provisto dos instrumentos necesarios para o desenvolvemento dos obradoiros.

V. O número de participantes non será superior a 30 alumnos en cada unha das modalidades, sen que poida exceder o número de prazas establecidas por países que se recollen no número VI deste artigo, coa excepción establecida no seu último parágrafo.

VI. En todo caso, o número final de prazas de cada obradoiro e o desenvolvemento de cada unha das modalidades establecerase por resolución do secretario xeral da Emigración, en función das solicitudes presentadas, podendo determinar a non realización dos obradoiros de non alcanzar un número suficiente de solicitudes.

O número de prazas ofertadas ascende a un total de 100 distribuídas por países do seguinte xeito:

- a) Arxentina: 38 prazas.
- b) Uruguai: 12 prazas.
- c) Venezuela: 12 prazas.
- d) Brasil: 10 prazas.
- e) Cuba: 10 prazas.
- f) Outros países americanos: 6 prazas.
- g) Europa: 7 prazas.
- h) España: 5 prazas.

As prazas que queden vacantes distribuiranse proporcionalmente entre aqueles países que teñan un maior número de solicitudes admitidas en relación ás prazas ofertadas, ata un máximo dun 25% do total das prazas.

Artigo 2º.-Financiamento.

I. A Secretaría Xeral da Emigración farase cargo directamente dos gastos necesarios para o desenvolvemento dos obradoiros programados dentro das Escolas abertas 2011.

II. Os gastos necesarios para o desenvolvemento dos obradoiros financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe que se determine na correspondente resolución de convocatoria.

III. Ademais dos gastos derivados da organización e desenvolvemento dos obradoiros, a Secretaría Xeral da Emigración farase cargo do custo da estada e da viaxe de todos os participantes desde os lugares de partida fixados pola secretaria xeral ata os aeroportos de Galicia e ao lugar de impartición dos obradoiros.

Non serán beneficiarios do programa aqueles participantes nos obradoiros que xestionen directamente a súa estada e desprazamento.

Artigo 3º.-*Solicitantes.*

1. Formación (nivel intermedio).

1.1. Persoas xurídicas.

Poderán solicitar este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas radicadas fóra de Galicia, inscritas no directorio de centros galegos no mundo da Secretaría Xeral da Emigración, que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

As persoas propostas deben ser maiores de 18 e menores de 35 anos e ser socios ou colaboradores das citadas entidades. En todo caso, os candidatos propostos pola entidade como titulares e suplentes deberán posuír coñecementos e capacidades similares en relación con aqueles obradoiros para os que son propostos.

Non poderán ser beneficiarias as entidades nas cales conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades solicitantes de prazas para estes obradoiros incluírán na súa solicitude unha proposta coas persoas que designen para participar nas escolas abertas 2011.

Non poderán participar en cada modalidade de obradoiro máis dunha persoa por entidade galega.

1.2. Persoas físicas.

Nos obradoiros de canto popular e pandeireta, gaita e baile tradicional galego, reservaranse un total de 3 prazas para a participación a nivel individual daqueles cidadáns galegos e os seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade maiores de 18 e menores de 35 anos e residentes fóra de Galicia que acrediten un nivel suficiente de coñecemento

para participar neles segundo os criterios de valoración establecidos nesta resolución.

Non poderán ser beneficiarias as persoas nas cales conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Especialización (nivel avanzado).

2.1. Persoas xurídicas.

Poderán solicitar este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas radicadas fóra de Galicia, inscritas no Directorio de centros galegos no mundo da Secretaría Xeral da Emigración, que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

As persoas propostas deben ser maiores de 18 anos e menores de 55 e responsables de impartir a docencia en gaita ou baile dentro da entidade solicitante. En todo caso, os candidatos propostos pola entidade como titulares e suplentes deberán posuír coñecementos e capacidades similares en relación con aqueles obradoiros para os que son propostos.

Non poderán ser beneficiarias as entidades nas cales conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades solicitantes de prazas para estes obradoiros incluírán na súa solicitude unha proposta coa persoa que designen para participar nas Escolas abertas 2011.

Non poderán participar en cada modalidade de obradoiro máis dunha persoa por entidade galega.

2.2. Persoas físicas.

Nos obradoiros de gaita e baile tradicional galego reservaranse un total de 4 prazas para a participación a nivel individual daqueles cidadáns galegos e os seus descendentes ata o segundo grao de consanguinidade maiores de 18 anos e menores de 55 anos, residentes fóra de Galicia, que acrediten ser responsables de impartir docencia en gaita ou baile, así como un nivel suficiente de coñecemento para participar neles segundo os criterios de valoración establecidos nesta resolución.

Non poderán ser beneficiarias as persoas nas cales conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Lugar, prazo de presentación de solicitudes e documentación que hai que presentar.*

1. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración (rúa Os Basquiños 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña), ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (entre os que figuran as delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo). Poderán obterse os modelos normalizados de solicitude ou información adicional na páxina web www.galiciaaberta.com

2. O prazo de presentación de solicitudes, que en ningún caso será inferior a un mes, establecerase na correspondente resolución de convocatoria.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. No suposto de que a solicitude de iniciación non reúna os requisitos exixidos ou a documentación presentada fose incompleta, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na páxina web www.galiciaaberta.com a relación de interesados que deberán emendar a súa solicitude, para que no prazo de 10 días corrixan a falta na que incorran ou acheguen os documentos preceptivos, indicándose que se non o fixesen se lles terá por desistido das súas peticións de conformidade co disposto no artigo 71º, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-*Resolución e prazo de duración do procedemento de concesión.*

A resolución deste procedemento será ditada polo secretario xeral da Emigración e será publicada na páxina web www.galiciaaberta.com

O prazo máximo para resolver será de seis meses, que empezará a contar a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 44º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-*Obrigas.*

1. A solicitude de participación supón o compromiso de aceptar que a Secretaría Xeral da Emigración efectúe as comprobacións que crea necesarias

para asegurar o cumprimento do contido e condicións do programa, no caso de concesión.

2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración calquera posible alteración das circunstancias orixinais, e esta secretaria poderá modificar a resolución de concesión.

3. O falseamento de datos ou da documentación presentada polas persoas ou entidades beneficiarias dalgúns destes programas, así como o incumprimento das súas obrigas comportará a súa exclusión en próximas edicións destes programas, sen prexuízo de que se inicie o correspondente procedemento de reintegro por algunha das causas establecidas no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A Secretaría Xeral da Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta resolución. Para realizar estas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral da Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades galegas e as persoas ás que van dirixidos os programas regulados nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

5. Os beneficiarios destes programas estarán obrigados a participar e asistir ás actividades para as que foron seleccionados.

6. A presentación da solicitude implica o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Estes datos integraranse nun ficheiro responsabilidade da Secretaría Xeral da Emigración e ante quen os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Así mesmo, o interesado manifesta que conta coa autorización das persoas propostas para participar nas Escolas abertas 2011, para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración, co fin de poder xestionar a axuda relativa á correspondente convocatoria.

7. O solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e no Rexistro Público de Sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. Agás nos casos indicados no artigo 9º.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web, www.galiciaaberta.com, a relación de beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva consigo a autorización para o tratamento necesario de datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina www.galiciaaberta.com

Artigo 7º.-*Documentación.*

1. Persoas xurídicas.

A documentación necesaria para solicitar a participación nas Escolas abertas 2011 será:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado (anexo III), na que deberán indicarse os obradoiros en que se quere participar e a súa preferencia nas modalidades de nivel intermedio.

b) Fotocopia do CIF ou equivalente. Así mesmo, deberá presentar fotocopia do documento que acredite a identidade e datos persoais dos candidatos propostos.

c) Breve currículo de cada aspirante con especial referencia aos coñecementos, títulos, experiencia, etc. na materia obxecto do obradoiro.

d) No caso dos obradoiros de gaita tradicional galega, nivel intermedio e avanzado, deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...) que non exceda os 4 minutos. O tema estará gravado só con gaita, sen ningún outro instrumento acompañando á gaita solista.

e) No caso do obradoiro de canto popular e pandeireta deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...), cunha duración que non exceda os 4 minutos. A gravación remitida deberá ser solista.

f) No caso dos obradoiros de baile tradicional galego, nivel intermedio e nivel avanzado, deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...), cunha duración que non exceda os 4 minutos, na que o alumno interprete varios bailes de ritmos ou estilos diferentes (muiñeira, xota, meneo, danza, etc.).

g) Unha fotografía tamaño carné de cada aspirante.

h) Unha declaración do aspirante en que se comprometa a investir os coñecementos adquiridos no seo da entidade.

i) Certificación da entidade que acredite que as persoas propostas son socias ou colaboradoras dela para o nivel intermedio e certificación da entidade que acredite que as persoas propostas son as responsables de impartir docencia na entidade solicitante para o nivel avanzado.

j) Declaración de axudas obtidas para a mesma actividade doutras administracións ou entes públicos ou privados (anexo V). A obtención desta axuda é compatible con outras para o mesmo fin, sen que en ningún caso a suma das axudas obtidas supere o 100% do custo da actividade.

k) Declaración de non incorrer en prohibición para obter a condición de beneficiario (anexo VI).

l) A presentación da solicitude de concesión desta axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acreditándose este aspecto antes da proposta de resolución. No caso de que os beneficiarios non teñan a súa residencia fiscal en territorio español deberán presentar certificado de residencia fiscal emitido polos organismos competentes e declaración de que o solicitante se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Persoas físicas.

A documentación necesaria para solicitar a participación nas Escolas abertas 2011 será:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado (anexo IV), na que deberán indicarse os obradoiros nos que se quere participar.

b) Fotocopia do documento nacional de identidade ou equivalente. Aqueles solicitantes con DNI español quedarán exentos de achegar a fotocopia no caso de que autoricen a Secretaría Xeral da Emigración a consultar os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Administracións Públicas, tal como se recolle no anexo IV.

c) Breve currículo artístico de cada aspirante: nivel de estudos musicais realizados, actuacións, número de alumnos aos que imparte clases, gravacións...

d) No caso dos obradoiros de gaita tradicional galega, nivel intermedio e nivel avanzado, deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...) que non exceda os 4 minutos. O tema estará gravado só con gaita, sen ningún outro instrumento acompañando á gaita solista.

e) No caso do obradoiro de canto popular e pandeireta deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...), cunha duración que non exceda os 4 minutos. A gravación remitida deberá ser solista.

f) No caso dos obradoiros de baile tradicional galego, nivel intermedio e nivel avanzado, deberase enviar unha gravación en vídeo dixital (cd, vcd, dvd, ...), cunha duración que non exceda os 4 minutos, na que o alumno interprete varios bailes de ritmos ou estilos diferentes (muiñeira, xota, meneo, danza, etc.).

g) Unha fotografía tamaño carné.

h) Documentación acreditativa de que a persoa solicitante imparte docencia na modalidade de gaita ou baile.

i) Declaración de axudas obtidas para a mesma actividade doutras administracións ou entes públicos ou privados (anexo V). A obtención desta axuda é compatible con outras para o mesmo fin, sen que en ningún caso a suma das axudas obtidas supere o 100% do custo da actividade.

j) Declaración de non incorrer en prohibición para obter a condición de beneficiario (anexo VI).

k) A presentación da solicitude de concesión desta axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acreditándose este aspecto antes da proposta de resolución. No caso de que os beneficiarios non teñan a súa residencia fiscal en territorio español deberán presentar certificado de residencia fiscal emitido polos organismos competentes e declaración de que o solicitante se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

l) Documentación xustificativa que acredite a súa condición de galego ou descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.

m) Documentación que acredite a súa residencia fóra de Galicia. Aqueles solicitantes con residencia en España quedarán exentos de achegar a documentación acreditativa da súa residencia fóra de Galicia no caso de que autoricen a Secretaría Xeral da Emigración a consultar os seus datos de residencia no Sistema de Verificación de Datos de Residencia do Ministerio de Administracións Públicas, tal como se recolle no anexo IV.

Artigo 8º.-*Procedemento e criterios de selección.*

A ordenación e instrución dos procedementos correspondentes ao Programa de escolas abertas establecidos nesta resolución corresponderá á Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas. Os expedientes serán avaliados por un órgano Colexiado, que emitirá o correspondente informe no que se concrete o resultado da avaliación. O dito órgano

colexiado estará formado polo subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, pola xefa de Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas e polo xefe de Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas ou persoas en quen deleguen.

1. Formación (nivel intermedio).

O órgano Colexiado avaliará as solicitudes presentadas, asistido, se é o caso, por un ou varios especialistas na materia, segundo os criterios obxectivos desta resolución, podendo establecerse unha puntuación mínima para poder participar nos obradoiros.

Os criterios de valoración serán os seguintes:

I. Para a participación nos obradoiros de canto popular e pandeireta, gaita e baile tradicional galego valorarase a calidade técnica da gravación presentada ata un máximo de 60 puntos distribuídos do seguinte xeito:

I.1. No caso dos obradoiros de canto e pandeireta e de gaita tradicional galega:

-Afinación: ata un máximo de 15 puntos.

-Expresión: ata un máximo de 15 puntos.

-Rítmica: ata un máximo de 15 puntos.

-Estética musical: ata un máximo de 15 puntos.

I.2. No caso do obradoiro de baile tradicional galego:

-Expresión: ata un máximo de 20 puntos.

-Rítmica: ata un máximo de 20 puntos.

-Técnica: ata un máximo de 20 puntos.

II. Alumnos solicitantes que non teñan participado nas catro últimas edicións destes programas: 20 puntos.

III. Segundo o número de socios da entidade solicitante, se é o caso: ata un máximo de 20 puntos.

-Ata 400 socios: 5 puntos.

-De 401 a 1.000 socios: 10 puntos.

-De 1.001 a 2.000: 15 puntos.

-Máis de 2.000 socios: 20 puntos.

IV. Grao de prioridade dos obradoiros indicado pola entidade solicitante: 10 puntos para a primeira e segunda preferencia.

No caso de empate terase en conta en primeiro lugar, se é o caso, o resultado da valoración obtido en aplicación do criterio de valoración previsto no punto I e, de continuar o empate, este desfarase pola orde alfabética dos apelidos dos candidatos, empezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra L segundo o sorteo que tivo lugar en cum-

primeto do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia cuxo resultado foi feito público por Resolución do 1 de febreiro de 2011 (DOG nº 25, do luns 7 de febreiro).

En caso de renuncia, por causas debidamente xustificadas, da persoa proposta como titular pola entidade solicitante, procederase á valoración da persoa proposta como suplente. Neste caso a persoa proposta como suplente deberá achegar a documentación necesaria recollida no artigo 7º.1 e deberá acreditar coñecementos adecuados para o aproveitamento do curso e, no caso de non reunir os requisitos para participar no obradoiro, quedará excluída a entidade solicitante co procedemento previsto e adjudicárase a praza vacante á seguinte entidade segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración.

Por cada entidade non poderán participar nos obradoiros deste programa máis dunha persoa en cada unha das modalidades.

No caso de renuncia de solicitantes que sexan persoas físicas, procederase a adjudicar a praza vacante ao seguinte candidato, segundo a puntuación obtida con base nos criterios de valoración indicados anteriormente e, no caso de non existir candidato que reúna os coñecementos axeitados para participar, acumularase a praza vacante ás prazas ofertadas para as entidades galegas.

2. Especialización (nivel avanzado).

O órgano colexiado avaliará as solicitudes presentadas, asistido por un ou varios especialistas na materia, segundo os criterios obxectivos desta resolución, podendo establecerse unha puntuación mínima para poder participar nos obradoiros.

Os criterios de valoración serán os seguintes:

I) En relación coa calidade técnica da gravación valorarase ata un máximo de 60 puntos distribuídos do seguinte xeito:

I.1. No caso dos obradoiros de gaita tradicional galega.

- a) Afinación: ata un máximo de 15 puntos.
- b) Expresión: ata un máximo de 15 puntos.
- c) Rítmica: ata un máximo de 15 puntos.
- d) Estética musical: ata un máximo de 15 puntos.

I.2) No caso dos obradoiros de baile tradicional galego.

- a) Expresión: ata un máximo de 20 puntos.
- b) Rítmica: ata un máximo de 20 puntos.
- c) Técnica: ata un máximo de 20 puntos.

II. Alumnos solicitantes que non teñan participado nas catro últimas edicións destes programas: 20 puntos.

No caso de empate, este desfarase pola orde alfabética dos apelidos dos solicitantes, empezando por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra M segundo o sorteo que tivo lugar en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia cuxo resultado foi feito público por Resolución do 26 de xaneiro de 2010 (DOG nº 20, do luns 1 de febreiro).

En caso de renuncia, por causas debidamente xustificadas, da persoa proposta como titular pola entidade solicitante, procederase á valoración da persoa proposta como suplente. Neste caso a persoa proposta como suplente deberá achegar a documentación necesaria recollida no artigo 7º.1 e deberá acreditar coñecementos adecuados para o aproveitamento do curso e, no caso de non reunir os requisitos para participar no obradoiro, quedará excluída a entidade solicitante co procedemento previsto e adjudicárase a praza vacante á seguinte entidade segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración.

No caso de renuncia de solicitantes que sexan persoas físicas, procederase a adjudicar a praza vacante ao seguinte candidato, segundo a puntuación obtida con base nos criterios de valoración indicados anteriormente e no caso de non existir candidato que reúna os coñecementos axeitados para participar, acumularase a praza vacante ás prazas ofertadas para as entidades galegas.

Artigo 9º.-Recursos.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, no caso de resolucións expresas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, no caso de resolucións expresas, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO II

Programas dos obradoiros das escolas abertas 2011

Escolas abertas de formación (nivel intermedio).

I. Asociacionismo e xestión de asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

- a) A situación actual do asociacionismo e a participación.
- b) Constitución dunha asociación.

c) Planificación en asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

d) A xestión financeira dunha entidade sen ánimo de lucro.

e) Xestión de proxectos.

f) Voluntariado e fomento da participación en entidades sen ánimo de lucro.

g) Comunicación externa.

h) Información xuvenil.

i) Introducción á calidade en entidades sen ánimo de lucro.

II. TIC (tecnoloxías da Información e a Comunicación).

